



## **SESIÓN PLENARIA ORDINARIA**

### **3ª CONVOCATORIA**

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesións da Casa do Concello, o día 9 de maio de 2025, ás 17,00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, no correo electrónico facilitado, así como nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén consta no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 27 de marzo de 2025.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes marzo de 2025.
3. Toma de coñecemento da liquidación do orzamento do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2024, así como do informe de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda.
4. Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía sobre Modificación Orzamentaria para cambio de finalidade e suplemento de crédito.
5. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
6. Aprobación, se procede, da cesión gratuíta en propiedade, dunha parcela municipal situada na Rúa Marxión a favor da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia SA (VIPUGAL), coa finalidade de levar a cabo unha promoción de vivendas públicas neste Concello.
7. Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía (previa consulta realizada á Xunta de Voceiros/as), relativa ao cambio de denominación de diversas rúas do Concello de Vilagarcía de Arousa, coa finalidade de dar cumprimento a anteriores acordos plenarios, así como ao disposto na Lei de Memoria Democrática de 19 de outubro de 2022.
8. Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía para a denominación do Pavillón Nº 1 do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa como Pavillón Sara Gómez.
9. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a dotación de infraestruturas que cumpran coa accesibilidade e a seguridade no CEIP O Piñeiriño.





Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Secretaría Xeral

CIF: P/3606000B  
Praza Ravella, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200  
[sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP en relación coa Mellora urxente e revisión do servizo municipal VaiBike.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a inclusión da zona de A Lomba na partida do Plan Municipal de Asfaltado.
13. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
14. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
15. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
16. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.
17. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.
18. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Vilagarcía de Arousa, 6 de maio de 2025.

O ALCALDE-PRESIDENTE

A SECRETARIA XERAL,

Alberto Varela Paz

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

Sinatura dixitalizada



Verificación en: <http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/T0JU3XFTVVFCKLAT>